



# Internet e Banda Larga nos Fogares Galegos

Ano 2012

**XUNTA DE GALICIA**

Edita: Xunta de Galicia  
Presidencia  
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)  
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Lugar: Santiago de Compostela  
Ano de publicación: 2013

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.  
Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:  
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

# Internet e Banda Larga nos Fogares Galegos

## Año 2012

Observatorio da Sociedade da Información e  
a Modernización de Galicia

**Xunta de Galicia**  
Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)  
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia  
Santiago de Compostela



## ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	5
I. CONTRATACIÓN DE INTERNET E BANDA LARGA	7
I.1. Contratación de Internet e banda larga	9
I.2. Análise de factores sociodemográficos	14
II. INTERNET EN MÓBILIDADE	28
III. SERVICIOS FINAIS E INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓNS	40
III.1. Servizos finais e infraestruturas de telecomunicación de banda larga	42
III.2. Outras infraestruturas de telecomunicación: telefonía fixa, móbil e outros indicadores	53
CONCLUSIÓNS	68



## INTRODUCCIÓN

Este informe ten como obxectivo presentar un compendio dos principais indicadores relativos á contratación de Internet e a banda larga nos fogares galegos. O estudo foi elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), e forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2014.gal da Xunta de Galicia.

A información relativa aos indicadores de banda larga contida neste informe estrutúrase en tres capítulos:

■ **Contratación de Internet e banda larga.** O obxectivo deste capítulo é analizar o grao de contratación de Internet e banda larga nos fogares galegos e a influencia de variables socioeconómicas que condicionan o avance da Sociedade da Información en Galicia.

Para a elaboración deste capítulo, considerouse como fonte os datos procedentes do informe “A Sociedade da Información nos fogares galegos”, elaborado polo OSIMGA e variables socioeconómicas publicadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

■ **Internet en mobilidade.** Neste capítulo abórdase unha tecnoloxía de conexión a Internet que está experimentando un significativo crecemento entre a cidadanía galega: a conexión móbil de banda larga. A maior penetración dos dispositivos móbiles avanzados (smartphones e tablets) está a abrir novas oportunidades aos galegos/as, facilitando o acceso á información da cidadanía con independencia do lugar onde se conecten á Rede .

A fonte de información empregada para esta análise é a Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares do Instituto Nacional de Estatística (INE)

■ **Servizos finais e infraestruturas en telecomunicacións:** Este capítulo ofrece unha análise pormenorizada das infraestruturas de telecomunicacións de banda larga, coma o grao de penetración da mesma, o número de liñas de diferentes tipos de banda larga dispoñibles ou as diferentes comparativas a nivel nacional e incluso provincial.

Para a elaboración deste capítulo, considerouse como fonte os datos publicados pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT), Organismo Público regulador independente dos mercados nacionais de comunicacións electrónicas e de servizos audiovisuais

### Marco estratéxico: Plan de Banda Larga da Xunta de Galicia

Os avances na contratación de Internet e banda larga nos fogares galegos que se recollen neste informe víronse favorecidos polas actuacións do Plan de Banda Larga, que está a desenvolver a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Desde a súa posta en marcha en 2010, o Plan de Banda Larga facilitou o acceso a Internet a máis de 680.000 habitantes dos 786.000 que carecían deste servizo en 2009. As actuacións desenvolvidas no Plan están a conseguir que Galicia reduza a fenda interna entre as zonas rurais e urbanas. Así os despregamentos do Plan reduciron a fenda dixital entre as provincias do interior e as do eixo atlántico do 20% existente antes do plan a un 2% en xuño de 2013.

### Novos servizos avanzados

Os accesos de 100 megas van formar parte da nosa vida cotiá de xeito progresivo e permitirannos, por exemplo, contactar con persoas próximas do noso contorno ou con profesionais da Sanidade e doutros eidos da administración simplemente acendendo a nosa tele e premendo unha canle determinada. Ademais da televisión interactiva, o fogar dixital, os servizos na nube ou o teletraballo figuran tamén na listaxe destes novos servizos vinculados ás redes de nova xeración.

O Plan de Banda Larga da Xunta dotou con acceso á redes de fibra óptica de 100 megas a máis de un millón de galegos, con case medio ano de adianto. Así mesmo hai que ter en conta que Galicia é unha das primeiras comunidades da Unión Europea que está a subvencionar a implantación de redes de nova xeración, as máis punteiras do mercado, e seguindo o camiño descrito, a finais de 2013 a metade da poboación galega (1,4 millóns de persoas) disporá xa de acceso a redes de fibra óptica de 100Mbps, cumprindo con dous anos de adianto o obxectivo para 2015 da Axenda Dixital para España.

En total, serán máis de 200 núcleos de toda a Comunidade os que teñan acceso a estas infraestruturas que permitirán desenvolver modelos de negocio máis eficaces e eficientes, novas formas de producir e comercializar produtos e servizos e diferentes xeitos de comunicación entre cidadanía, empresas e administracións.

Este estudo foi elaborado no marco da encomenda realizada pola Amtega á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

# I. CONTRATACIÓN DE INTERNET E BANDA LARGA



☞ Un 53,1% dos fogares galegos ten contratado Internet a través de banda larga, experimentando un crecemento dun 67% no período 2008-2012

☞ A análise sociodemográfica revela as claves da contratación de Internet e banda larga.

☞ Un 56,3% de fogares galegos dispón de conexión a Internet e un 53,1% ten banda larga contratada. O ritmo de crecemento da banda larga en Galicia no intervalo 2008-2012 foi dun 67% e en España dun 49,6%.

☞ Entre os fogares que teñen contratado Internet, a práctica totalidade contan cunha conexión á Rede de calidade xa que o 94,8% destes fogares dispón de banda larga.

### **Análise sociodemográfico:**

☞ Variables xeográficas e demográficas:

- A contratación de banda larga aumenta a medida que o fai o número de habitantes do concello ata acadar un 64,4% nos concellos con máis de 50.000 habitantes fronte ao 32,8% dos concellos de menos de 5.000 habitantes.
- En xeral, nas comarcas con idade media inferior aos 46 anos rexístranse as porcentaxes máis elevadas de fogares con banda larga mentres que na maioría das comarcas con idade media superior aos 54 anos obsérvase unha menor contratación de banda larga

☞ Variables económicas:

- Un 83% dos fogares con renda superior a 3.500 euros teñen banda larga fronte ao 19,7% dos fogares con ingresos inferiores aos 600 euros
- En xeral, as comarcas con rendas máis elevadas presentan porcentaxes máis elevadas de contratación da banda larga, con comarcas como Santiago, A Coruña, Lugo, Pontevedra, Ourense, Eume, Vigo ou Betanzos como exemplos

☞ Composición do fogar:


- Tamaño do fogar: un 71,2% dos fogares compostos por 4 membros contan con banda larga fronte ao 31,4% dos fogares unifamiliares.
- A presenza no fogar de nenos/as en idade escolar obrigatoria consolídase como un factor significativo para a contratación de banda larga. O 68,4% dos fogares onde residen nenos/as dispoñen de conexión a banda larga, 20,1 puntos máis que noutro tipo de fogares.



## I.1 Contratación de Internet e banda larga

Un 56,3% dos fogares galegos dispón de conexión a Internet, un dato que amosa unha evolución positiva, incrementándose un 20,3% desde o ano 2010, pasando dun 46,8% a un 56,3%. No período 2010-2012, o ritmo de crecemento é superior ao rexistrado a nivel estatal e europeo (14,9 e 7,1%, respectivamente).

### G.1. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO




Base: total de fogares


Fonte: ECV (OSIMGA+ IGE)

Analizando a evolución no período 2008-2012, o crecemento en Galicia foi do 53,4% mentres que en España sitúase nun 33,1%. O indicador de Internet contratada vai crecendo paulatinamente recortando as diferenzas existentes no ano 2008 entre Galicia e a Unión Europea (23,3 puntos porcentuais), ou entre Galicia e España (14,3 puntos porcentuais). Agora a diferenza entre Galicia e a Unión Europea é de 18,7 puntos porcentuais, e a de Galicia con respecto a España é de 11,6 puntos porcentuais.

G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA




**Fogares con internet contratado**  
**Evolución Galicia**  
 (% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: IGE (2008- 2010)-ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

**Fogares con internet contratado**  
**Comparación Galicia, España e UE**  
 (% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Un 53,1% dos fogares galegos ten contratado Internet a través de banda larga. O acceso contratado a banda larga incrementouse un 14,2% no período 2010-2012, pasando dun 46,5% a un 53,1%.

### G.3. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A INTERNET QUE DISPOÑEN DE BANDA LARGA




Base: total de fogares


Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Tomando como base os datos do ano 2008, a comparativa entre Galicia e España indica que o ritmo de crecemento de acceso contratado a banda larga da nosa Comunidade foi superior ao rexistrado pola media estatal. O crecemento porcentual de Galicia no intervalo 2008-2012 foi dun 67% mentres que o crecemento de España no mesmo período foi do 49,6%.


### G.4. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL E EUROPEA



**Fogares con acceso contratado a Banda larga**  
**Evolución Galicia**  
 (% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



**Fogares con acceso contratado a Banda larga**  
**Comparación Galicia, España e UE**  
 (% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: INE (2008-2010)- ECV 2012 (OSIMGA+IGE)  
 Nota: Non existen datos de conexión de banda larga con fonte IGE correspondentes aos anos 2008 e 2010 e empréganse datos INE 2008 e 2010 para Galicia

Fonte: OSIMGA-IGE-INE-Eurostat

Se se consideran os fogares que teñen contratado Internet, obsérvase que a práctica totalidade contan cunha conexión á Rede de calidade xa que o 94,8% destes fogares dispón de banda larga.

#### G.5. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A INTERNET QUE DISPOÑEN DE BANDA LARGA




Base: fogares con conexión a Internet

Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Analizando os motivos para non contratar Internet no fogar, destacan as respostas de que “non o necesitan”, “non o queren” ou “é moi caro”.

### G.6. MOTIVOS POLOS QUE NON DISPOÑEN DE INTERNET CONTRATADO

(% sobre o total de fogares sen conexión a Internet)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA + IGE)

## I.2 Análise de factores sociodemográficos


Neste apartado analízanse os indicadores de Internet e banda larga, atendendo ás seguintes variables sociodemográficas: provincia, hábitat, áreas comarcais, os sete concellos con maior poboación, tamaño do fogar, idade, volume de ingresos e convivencia con nenos/as.

### Provincia

A Coruña sitúase por riba da media galega en canto a fogares con Internet contratado (60,6%). As demais provincias sitúanse por baixo da cifra media, especialmente Ourense, onde a presenza de Internet descende ata o 48,2% dos fogares.

#### G.7. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

A provincia da Coruña destaca, de novo, por obter a máxima porcentaxe nun indicador de novas tecnoloxías da información e da comunicación: o 57,7% dos fogares galegos dispoñen de banda larga contratada. Ourense atópase unha vez máis por baixo das demais provincias galegas, cun 42,6% de fogares con acceso contratado a banda larga.

**G.8. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A PROVINCIA**

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

**Tamaño do hábitat**

O tamaño de hábitat resulta ser unha variable significativa para a contratación de Internet, sitúándose os concellos de máis de 10.000 habitantes en valores superiores á media.

**G.9. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT**

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

O tipo de hábitat tamén inflúe de xeito determinante na contratación de banda larga nos fogares, medrando a medida que o fai o número de habitantes dos concellos, ata acadar un 64,4% nos concellos de máis de 50.000 habitantes.

#### G.10. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO O TIPO DE HÁBITAT

(% sobre o total de fogares)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)


### Áreas comarcais

A visión da presenza de Internet nos fogares galegos por áreas amosa a mesma indicación que daba o cruce por provincia ou tamaño de hábitat, xa que a Área de Santiago (68,8%) a Área da Coruña (67,5%) ou a Área de Vigo (62,1%), teñen as máximas porcentaxes respecto ao indicador de Internet contratado. Podemos ver esa distribución na seguinte gráfica e no mapa onde amosamos a ubicación xeográfica das mesmas.




**G.11. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A ÁREA**

(% sobre o total de fogares)



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

G.12. MAPA DE FOGARES COM INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A ÁREA




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)



As áreas con maior presenza de banda larga son as de Santiago (67,1%) e A Coruña (64,3%), mentres que as que acadan menor porcentaxe de banda larga sitúanse na área de Ourense sur (23,3%) e a Área da Costa da Morte (32,1%).

### G.13. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A ÁREA

(% sobre o total de fogares)



G.14. MAPA DE FOGARES COM CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A ÁREA




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

## Os sete concellos con maior poboación de Galicia

Analizando pormenorizadamente os concellos con maior poboación de Galicia, o concello da Coruña unha vez máis obtén a maior porcentaxe, neste caso respecto a proporción de fogares con Internet contratado. Os demais concellos situáanse de novo por riba da media galega do 56,3%.

### G.15. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

O concello da Coruña obtén tamén o mellor dato para a contratación de banda larga (70,3%), e sitúase 17,2 puntos porcentuais sobre a media galega, se ben o valor medio da Comunidade é superado amplamente polos 7 concellos con maior poboación de Galicia.

**G.16. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA NOS 7 CONCELLOS CON MAIOR POBOACIÓN**

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

### Tamaño do fogar

A contratación de Internet aumenta conforme o fai o número de persoas que conviven no fogar, e acada a porcentaxe máis elevada nos fogares de 4 membros (75,7%).

**G.17. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR**

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

O tamaño do fogar garda de novo una evidente relación coa banda larga, de xeito que o número elevado de persoas residindo nunha mesma vivenda supón unha maior probabilidade de contratar unha conexión a Internet de banda larga.

**G.18. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO O NÚMERO DE PERSOAS NO FOGAR**

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

## Volume de ingresos

Outra variable explicativa, sen dúbida, é o volume total de ingresos do fogar, a máis ingresos maior probabilidade de posuír Internet contratado (un 85,4% nos fogares de máis de 3.500 euros).

### G.19. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

A comentada incidencia dos ingresos tamén se percibe na contratación de banda larga, hai unha maior conexión de alta velocidade nos fogares que teñen maior nivel de ingresos e por tanto maiores probabilidades de contratar máis servizos..

### G.20. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO O VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

(% sobre o total de fogares)




Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)



**G.21. MAPA DE FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A COMARCA E RENDA MEDIA**

As conclusión extraídas segundo o volume de ingresos do fogar, confírmanse se se analizan as rendas medias das comarcas galegas. Así, as rendas máis elevadas tamén indican unha influencia positiva na penetración da banda larga, con comarcas como Santiago, A Coruña, Lugo, Pontevedra, Ourense, Eume, Vigo ou Betanzos como exemplos.




## Idade

A idade media da poboación indica tamén unha correlación coa contratación de banda larga. Con carácter xeral, nas comarcas con idade media inferior aos 46 anos (A Coruña, Lugo, Santiago, O Sar, Barbanza, O Salnés, O Morrazo, Pontevedra, Vigo e Ourense) rexístranse tamen as porcentaxes medias máis elevadas de fogares con banda larga.

Na maioría das comarcas con idade media elevada (superior aos 54 anos) observamos unha menor porcentaxe de banda larga: Baixa Limia, Fonsagrada, Terra de Celanova, Quiroga ou Os Ancares


### G.22. MAPA DE FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A COMARCA E IDADE MEDIA



## Convivencia con nenos/as

A presenza de nenos / as ou no fogar é outra variable que incrementa a proporción de Internet contratado, un 73,1% nos fogares con nenos de 3 a 16 anos, 21,9 puntos máis que a porcentaxe de fogares onde non residen nenos en idade escolar.


### G.23. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

Ter nenos/as no fogar inflúe positivamente na contratación da conexión e incrementa a banda larga cando residen no fogar nenos/as de 3 a 16 anos, existindo 20,1 puntos de diferenza con respecto ao outro tipo de fogar.

### G.24. FOGARES CON ACCESO CONTRATADO A BANDA LARGA SEGUNDO A CONVIVENCIA CON NENOS/AS



Fonte: ECV 2012 (OSIMGA+IGE)

## II. INTERNET EN MOBILIDADE

- O 30,5% dos fogares galegos con acceso a Internet contratada dispón de conexión móbil de banda larga a través dun dispositivo de man.
- O 64,8% dos/as usuarios de Internet nos últimos tres meses utilizaron algún tipo de dispositivo móbil para acceder a Internet fóra da vivenda habitual ou centro de traballo, 8,8 puntos máis que a media estatal


- ☞ O 30,5% dos fogares galegos con acceso a Internet contratada dispón de conexión móbil de banda larga a través dun dispositivo de man e un 12,5% vía módem USB ou tarxeta.
- ☞ A conexión móbil de banda larga está máis estendida en Galicia que no Estado, superando a media estatal en 3,6 puntos porcentuais no caso da conexión a través dun dispositivo de man e en 2,1 puntos se a conexión móbil se realiza vía módem USB ou tarxeta.
- ☞ O 64,8% dos/as usuarios de Internet nos últimos tres meses utilizaron algún tipo de dispositivo móbil para acceder a Internet fóra da vivenda habitual ou centro de traballo, superando en 8,8 puntos porcentuais a media estatal.
- ☞ Os dispositivos máis utilizados son os denominados “de man” (teléfonos móbiles, PDAs, reprodutores de mp3/mp4, lectores de libros electrónicos, etc.)
- ☞ As conexións sen fíos (WiFi, basicamente) son as máis utilizadas para os accesos en mobilidade.
- ☞ Entre os servizos de Internet usados por motivos particulares nos últimos tres meses cun dispositivo de man destacan: recibir/enviar mensaxes de correo electrónico, participar en redes sociais, ler o descargar noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña.
- ☞ O 45,8% das persoas ocupadas que accederon a Internet utilizando un ordenador portátil o un dispositivo de mano fóra da súa vivenda habitual ou centro de traballo nos últimos tres meses, declara que realizou, nestes accesos, tarefas de tipo profesional

Tres de cada dez fogares galegos con acceso a Internet contratada dispón de conexión móbil de banda larga a través dun dispositivo de man e un 12,5% vía módem USB ou tarxeta. A conexión móbil de banda larga está máis estendida en Galicia que no Estado, superando a media estatal en 3,6 puntos porcentuais no caso da conexión a través dun dispositivo de man e en 2,1 puntos se a conexión móbil se realiza vía módem USB ou tarxeta.

A pesar da significativa presenza da conexión móbil nos fogares galegos, o ADSL segue a ser a principal tecnoloxía de acceso á Rede contratada en Galicia (58,5%)

### G.25. TECNOLOXÍA DE ACCESO CONTRATADA

(% sobre o total de fogares con acceso a Internet contratado e declaran as formas de conexión utilizadas)



Fonte: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2012

É precisamente a conexión móbil de banda larga a través de dispositivos de man a que experimenta a evolución máis significativa, quintuplicando a súa presenza no período 2008-2012, e un 63% máis con respecto á edición anterior.


**Crecemento da conexión móbil de banda larga a través dun dispositivo de man**

▲ **Período 2008 – 2012: Quintuplicouse a súa presenza**

▲ **Período 2011 – 2012: Aumentou un 63%**

### G.26. TECNOLOXÍA DE ACCESO CONTRATADA

(% sobre o total de fogares con acceso a Internet contratado e declaran as formas de conexión utilizadas )



Fonte: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2008 - 2012


A continuación, analízase o acceso a Internet fóra da vivenda habitual ou do centro de traballo a través de dispositivos móbiles.

Un 64,8% dos usuarios de Internet nos últimos tres meses utilizou algún tipo de dispositivo móbil para acceder a Internet fóra da vivenda habitual ou centro de traballo nese período, superando en 8,8 puntos porcentuais a media estatal.

Os dispositivos máis utilizados son os denominados “de man” (teléfonos móbiles, PDAs, reprodutores de mp3/mp4, lectores de libros electrónicos, etc.) que son mencionados, no seu conxunto, polo 49,1% dos usuarios de Internet. Os ordenadores portátiles (entre os que se inclúen os *tablets*) son sinalados polo 43,7% dos internautas.

### G.27. DISPOSITIVOS MÓBILES EMPREGADOS PARA ACCEDER A INTERNET FÓRA DA VIVENDA OU DO CENTRO DE TRABALLO NOS 3 ÚLTIMOS MESES

(% sobre o total de persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses)



Fonte: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2012




As conexións sen fíos (WiFi, basicamente) son as máis utilizadas para os accesos en mobilidade no seu conxunto (son usadas por el 51,7% dos usuarios), mentres que a rede de telefonía móbil é mencionada polo 42,6% dos internautas.

Novamente, a media galega sitúase por riba da media estatal cunha vantaxe de 7,7 puntos no emprego da rede sen fíos e de 2,8 puntos no caso da conexión a través da rede de telefonía móbil. Non obstante, se o acceso á Rede se realiza a través dun dispositivo de man (teléfonos móbiles, PDAs, reprodutores de mp3/mp4, lectores de libros electrónicos, etc.), as conexións prodúcense maioritariamente vía rede de telefonía móbil (36,7%)

### G.28. REDES EMPREGADAS AO CONECTARSE A INTERNET NOS ÚLTIMOS 3 MESES CUN DISPOSITIVO MÓBIL FÓRA DA VIVENDA HABITUAL OU CENTRO DE TRABALLO


(% sobre o total de persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses )



O acceso a Internet máis frecuente utilizando un ordenador portátil fóra da vivenda habitual ou centro de traballo é de menos dunha vez por semana (51,6%), aínda que unha de catro persoas se conecta diariamente.

### G.29. FRECUENCIA DE ACCESO A INTERNET UTILIZANDO UN ORDENADOR PORTÁTIL FÓRA DA SÚA VIVENDA HABITUAL OU CENTRO DE TRABALLO NOS 3 ÚLTIMOS MESES

(% sobre o total de persoas que accederon a Internet cun ordenador portátil fóra da súa vivenda habitual ou centro de traballo nos 3 últimos meses)




Fonte: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2012

Se o dispositivo de acceso a Internet é un dispositivo de man (teléfonos móbiles, PDAs, reprodutores de mp3/mp4, lectores de libros electrónicos, etc.), a frecuencia maioritaria é a diaria (52,9%), aínda que os/as internautas galegos fan un uso menos intensivo destes dispositivos que os do conxunto do Estado.

### G.30. FRECUENCIA DE ACCESO A INTERNET UTILIZANDO UN DISPOSITIVO DE MAN FÓRA DA SÚA VIVENDA HABITUAL OU CENTRO DE TRABALLO NOS 3 ÚLTIMOS MESES

(% sobre o total de persoas que accederon a Internet cun dispositivo de man fóra da súa vivenda habitual ou centro de traballo nos 3 últimos meses)




Fonte: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2012

Entre os servizos de Internet usados por motivos particulares nos últimos tres meses cun dispositivo de man destacan: recibir/enviar mensaxes de correo electrónico (75,1%), participar en redes sociais (68,5%), ler o descargar noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña (65,5%). A lectura ou descarga de libros ou libros electrónicos é a actividade menos habitual.

**G.31. ACTIVIDADES REALIZADAS POR MOTIVOS PARTICULARES AO EMPREGAR UN DISPOSITIVO DE MAN PARA ACCEDER A INTERNET NOS ÚLTIMOS 3 MESES**

(% sobre o total de persoas accederon a Internet cun dispositivo de man fóra da súa vivenda habitual ou centro de traballo nos 3 últimos meses)



Fonte: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2012

Máis da metade (51,9%) das persoas que accederon a Internet utilizando un dispositivo de man fóra da súa vivenda ou traballo nos últimos tres meses empregaron algunha aplicación baseada en GPS.

**G.32. EMPREGO DALGUNHA APLICACIÓN DE INTERNET BASEADA EN GPS CUN DISPOSITIVO DE MAN NOS 3 ÚLTIMOS MESES**



Base: sobre o total de persoas que accederon a Internet utilizando un dispositivo de man fóra da súa vivenda habitual ou centro de traballo nos 3 últimos meses

Fonte: INE 2012

O 45,8% das persoas ocupadas que accederon a Internet utilizando un ordenador portátil ou un dispositivo de man fóra da súa vivenda habitual ou centro de traballo nos últimos tres meses, declara que realizou, nestes accesos, tarefas de tipo profesional

**G.33. EMPREGO DE ORDENADOR PORTÁTIL OU DISPOSITIVO DE MAN PARA ACCEDER A INTERNET POR TAREFAS PROFESIONAIS FÓRA DO FOGAR OU CENTRO DE TRABALLO NOS 3 ÚLTIMOS MESES**




Base: sobre o total de persoas que accederon a Internet utilizando un ordenador portátil ou dispositivo de man fóra da súa vivenda habitual ou centro de traballo nos 3 últimos meses

Fonte: INE 2012

Entre os problemas declarados para acceder a Internet utilizando algún dispositivo móbil destacan as dificultades frecuentes co sinal de telefonía móbil (43,2%), os inconvenientes pola utilización dunha pequena pantalla ou por escribir texto nun dispositivo de man (24%) e as dificultades no establecemento ou modificación dos parámetros de acceso a Internet (23,5%). Estes mesmos motivos repítense no conxunto do Estado.

**G.34. PROBLEMAS PRESENTADOS AO EMPREGAR DISPOSITIVOS MÓBILES PARA ACCEDER A INTERNET FÓRA DA VIVENDA HABITUAL OU CENTRO DE TRABALLO NOS ÚLTIMOS 3 MESES**

(% sobre o total de persoas que accederon a Internet utilizando un ordenador portátil ou un dispositivo de man fóra da súa vivenda habitual ou centro de traballo nos últimos 3 meses)




Fonte: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2012

Entre o colectivo de usuarios de Internet que non accederon mediante dispositivo móbil, a razón declarada maioritariamente é porque non necesitan acceso a Internet fóra do seu fogar ou centro de traballo (86,2%). Por detrás, e a considerable distancia, sitúase o elevado custo do dispositivo e/ou da subscrición a Internet (17,8%). Estas dúas razóns son tamén as maioritarias no conxunto do Estado.

### G.35. RAZÓNS DECLARADAS PARA NON ACCEDER A INTERNET CUN ORDENADOR PORTÁTIL OU DISPOSITIVO DE MAN FÓRA DA VIVENDA HABITUAL OU CENTRO DE TRABALLO NOS ÚLTIMOS 3 MESES

(% sobre o total de persoas que non accederon a Internet cun ordenador portátil ou cun dispositivo de man fóra da súa vivenda habitual ou centro de traballo nos últimos 3 meses)



Fonte: Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2012

### III. SERVICIOS FINAIS E INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓNS



☞ Galicia é a comunidade con maior crecemento no período 2011-2012 en banda larga segundo datos da CMT.



- ☞ Galicia é a comunidade con maior crecemento da penetración de banda larga fixa por cada 100 habitantes no período 2011-2012 cun 4,9%. En termos evolutivos é a segunda comunidade cun maior incremento entre 2008 e 2012.
- ☞ Así mesmo, as provincias que experimentaron un maior crecemento interanual no número de liñas de banda larga no conxunto de España foron Ourense (cun 6,8% de crecemento) e Lugo (cun 6,6%).
- ☞ Da tipoloxía de liñas de banda larga estudadas, o ADSL evoluciona positivamente en Galicia no período 2008-2012, mentres que o HFC amosa unha evolución positiva entre 2008 e 2011, diminuíndo a súa presenza no último ano.
- ☞ A análise das cotas de mercado de banda larga fixa sitúa a Telefónica de España nun primeiro posto como fornecedor do servizo, cun 44,6% de cota de mercado en Galicia. A segunda posición corresponde aos operadores de cable (nomeadamente R Cable) cun 34,86%.

### III.1. Servizos finais e infraestruturas de telecomunicación de banda larga

O seguinte capítulo supón unha análise pormenorizada das infraestruturas de telecomunicacións de banda larga, coma o grao de penetración da mesma, o número de liñas de diferentes tipos de banda larga dispoñibles ou as diferentes comparativas a nivel estatal e incluso provincial.

#### III.1.1 Penetración dos servizos de banda larga fixa

A evolución do indicador de penetración de banda larga fixa por cada 100 habitantes amosa que Galicia é unha comunidade cun grande crecemento interanual neste indicador, 40,3% no período 2008-2012 e un 4,9% no período 2011-2012. Este crecemento é moi superior ás medias estatais dun 23,6% e dun 2,9% respectivamente para os mesmos períodos.


#### G.36. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL



#### Penetración das liñas de banda larga fixa

##### Evolución Galicia e España


(liñas / 100 habitantes)



Fonte: CMT

No mapa de penetración de liñas de banda larga fixa por comunidade autónoma, pódese observar que Galicia (21,3%) atópase por diante doutras comunidades como Andalucía (20,9%), Castela A Mancha (20,5%), Extremadura (19,1%) ou a Rexión de Murcia (17%). Este dato contrasta coa situación no ano 2007 cando Galicia superaba unicamente á comunidade de Extremadura neste indicador.

**G.37. PENETRACIÓN LIÑAS DE BANDA LARGA FIXA POR COMUNIDADE AUTÓNOMA NO ANO 2012**



Base: liñas / 100 habitantes

Fonte: CMT

Analizando a evolución do indicador e facendo un cálculo do crecemento para dous períodos (2008-2012, 2011-2012), en Galicia prodúcese un maior incremento respecto da penetración de banda larga fixa por cada 100 habitantes, especialmente do ano 2011 ao 2012 que figura no primeiro posto por riba doutras comunidades. No total do período 2008-2012 é a segunda comunidade con maior crecemento relativo, superada unicamente pola cidade autónoma de Melilla.

### C.1. EVOLUCION DO INDICADOR E COMPARATIVA POR COMUNIDADE AUTÓNOMA


COMUNIDADE AUTÓNOMA	PENETRACIÓN LIÑAS DE BANDA LARGA FIXA POR COMUNIDADE AUTÓNOMA (%)						
	2008	2009	2010	2011	2012	Crecedemento período 2008-2012	Crecedemento período 2011-2012
Galicia	15,2	17	18,9	20,3	21,3	40,1	4,9
Comunidade de Madrid	25,1	26,8	28,8	31,0	32,5	29,5	4,8
País Vasco	21,6	23,1	24,9	26,4	27,6	27,8	4,5
Castela e León	17,7	19,3	21,2	22,6	23,5	32,8	4,0
Estremadura	13,9	15,3	17,4	18,4	19,1	37,4	3,8
Ceuta	17,6	19,1	20,4	21,6	22,4	27,3	3,7
Cataluña	24,2	25,1	26,8	27,6	28,6	18,2	3,6
Cantabria	20,6	22,0	23,8	25,0	25,9	25,7	3,6
Aragón	20,8	22,1	24,1	25,1	26	25,0	3,6
A Rioxa	19,3	20,4	22,5	23,8	24,6	27,5	3,4
Principado de Asturias	20,2	22,8	24,4	25,8	26,6	31,7	3,1
Comunidade Valenciana	18,5	19,3	20,9	21,6	22,2	20,0	2,8
Illas Baleares	23,9	23,7	25,8	25,3	26,0	8,8	2,8
Castela A Mancha	16,3	17,7	19,3	20	20,5	25,8	2,5
Comunidade Foral de Navarra	19,7	22,0	23,9	24,9	25,5	29,4	2,4
Andalucía	17,7	18,6	20,4	20,7	20,9	18,1	1,0
Rexión de Murcia	15	15,7	16,8	16,9	17,0	13,3	0,6
Canarias	21,6	22,6	24,6	26,2	26,0	20,4	-0,8
Melilla	15,7	19,3	21,5	23,3	23,1	47,1	-0,9

Base: liñas / 100 habitantes  
Fonte: CMT

Por provincias, no ano 2012 destacan os valores de penetración de A Coruña (23,3%) e Pontevedra (20,9%), moi próximas ao valor medio estatal para ese mesmo ano de 24,9%.

Así mesmo, é preciso destacar o crecemento de Ourense e Lugo que foron as provincias con maior crecemento de España no período 2011-2012.

**G.38. PENETRACIÓN LIÑAS DE BANDA LARGA FIXA POR PROVINCIAS NO ANO 2012**



Base: liñas / 100 habitantes

Fonte: CMT


G.39 EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA PROVINCIAL

**Crecemento da penetración das liñas de banda larga fixa**

**Período 2008-2012:**  
**A Coruña: 39,5%. Lugo: 55,7%. Ourense: 56,1%. Pontevedra: 32,3%**

**Período 2011-2012:**  
**A Coruña: 4,9%. Lugo: 7,3%. Ourense: 7,9%. Pontevedra: 3,5%.**

**Penetración das liñas de banda larga fixa**  
**Evolución por provincias en Galicia**  
 (liñas / 100 habitantes)



Fonte: CMT


De seguido ofrecemos as comparativas dos diferentes indicadores de penetración tendo en conta a tipoloxía de liña de banda larga. Faremos unha análise por separado de cada tipo de liña para observar a súa evolución específica.

**G.40. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL**

**Penetración da banda larga**

**Evolución Galicia**

(liñas / 100 habitantes)




Fonte: CMT

**Penetración de banda larga**

**Evolución España**


(liñas / habitantes)




Fonte: CMT

As liñas de banda larga xDSL en Galicia obtiveron un aumento moi superior á media estatal, tanto nos períodos 2008-2012 como no 2011-2012.

**G.41. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL**



**Penetración das liñas xDSL**  
**Evolución Galicia e España**  
 (liñas / 100 habitantes)




Fonte: CMT


Na comparativa temporal por provincias, Ourense posúe un maior incremento das liñas de banda larga xDSL, tanto no período 2008-2012 (incremento dun 64,9%) como no período do ano 2011 ao 2012 (subida dun 14,4%).



G.42. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA PROVINCIAL



**Penetración das liñas xDSL**  
**Evolución por provincias en Galicia**  
 (liñas / 100 habitantes)




Fonte: CMT

As liñas de banda larga HFC tamén se incrementaron no período 2008-2012 en maior medida na Comunidade Galega que a media estatal. Así mesmo, cómpre destacar que Galicia é a quinta comunidade con maior penetración deste tipo de liñas.

**G.43. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL**




**Penetración das liñas HFC**  
**Evolución Galicia e España**  
 (liñas / 100 habitantes)




Fonte: CMT

Facendo un desglose por provincias da comunidade galega, os incrementos deste tipo de liñas de banda larga danse no cómputo temporal do período 2008-2012, xa que do ano 2011 ao 2012 hai un retroceso lixeiro que non afectou a Lugo, única provincia que tivo incremento de liñas HFC.

**G.44. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA PROVINCIAL**



**Penetración das liñas HFC**  
**Evolución por provincias en Galicia**  
 (liñas / 100 habitantes)



Fonte: CMT

### III.1.2 Número de liñas de banda larga fixa

A maiores dos datos de penetración de banda larga fixa por cada 100 habitantes tamén cómpre analizar o número total de liñas de banda larga fixa tanto no conxunto de España como en Galicia e as súas provincias.

Trátase neste caso do dato absoluto de liñas actualmente en servizo, independentemente da poboación e da súa variación. Deste xeito, se ben as tendencias son moi semellantes ao observado no anterior apartado, ao non estar referenciado coa evolución da poboación, existen pequenas variacións cos datos do apartado precedente.

En todo caso, da análise dos datos de número de liñas de banda larga fixa poden tirarse as mesmas conclusións que dos datos de penetración de banda larga fixa: a banda larga está a experimentar un crecemento moi significativo en Galicia, por riba do crecemento medio do resto de España, reflectindo con especial relevancia nas liñas xDSL. As liñas de banda larga HFC tamén amosaban unha evolución positiva ata o ano 2011, se ben houbo un lixeiro retroceso no último ano. En termos xerais, todas as tipoloxías de banda larga presentan un crecemento favorable que indica o

auxe desta tecnoloxía en Galicia.


**G.45. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL**




**Tipoloxía de liñas banda larga**

**Evolución Galicia**

(liñas)



Fonte: CMT




### III.2. Outras infraestruturas de telecomunicación: telefonía fixa, móbil e outros indicadores

O seguinte capítulo desglosa outros indicadores relacionados coas telecomunicacións como son os referidos á telefonía fixa, móbil de pospago ou estacións base UMTS.


Con respecto á telefonía fixa, atopamos unha lixeira baixada nos últimos anos, que se ve compensada de xeito inversamente proporcional polo espectacular incremento da telefonía móbil como veremos de seguido.

#### G.46. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL



**Penetración da telefonía fixa****Evolución Galicia e España**


(líñas/ 100 habitantes)



Fonte: CMT

Os datos mostran que hai un total de 39,2 liñas por cada 100 habitantes en Galicia, fronte as 42,2 liñas por cada 100 habitantes de España. No mapa seguinte vemos a distribución da penetración de telefonía fixa de xeito territorial, nas diferentes comunidades autónomas.

**G.47. PENETRACIÓN DE TELEFONÍA FIXA POR COMUNIDADE AUTÓNOMA  
NO ANO 2012**




Base: liñas / 100 habitantes

Fonte: CMT

Analizando pormenorizadamente as provincias, A Coruña ten 41,6 liñas por cada 100 habitantes, mentres que Pontevedra ten a menor porcentaxe con 35,8 liñas para cada 100 habitantes.

**G.48. PENETRACIÓN TELEFONÍA FIXA POR PROVINCIAS  
NO ANO 2012**



Base: liñas / 100 habitantes

Fonte: CMT


Unha posible explicación do descenso na telefonía fixa é o relevante incremento da telefonía móbil, cun incremento da penetración para Galicia, de case o dobre que a estatal (un 16,7% en Galicia para o período 2008-2012, fronte ao 9,9% de España para ese mesmo intervalo temporal). A penetración media da telefonía móbil en Galicia é de 68,6 liñas para Galicia, fronte as 71,1 liñas que hai por cada 100 habitantes en España.



## G.49. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL

**Penetración da telefonía móbil pospago****Evolución Galicia e España**


(líñas / 100 habitantes)



Fonte: CMT

No mapa por comunidades, a telefonía móbil pospago mostra como Galicia cun 68,6%, soamente se atopa por detrás de 5 comunidades máis en canto a penetración deste tipo de tecnoloxía de comunicación para o ano 2012: 91% de Madrid, 74,8% do País Vasco, 74,2% de Cataluña, 72,8% de Cantabria ou o 71,1% de Asturias.

**G.50. PENETRACIÓN DE TELEFONÍA MÓBIL POSPAGO POR COMUNIDADE AUTÓNOMA NO ANO 2012**



Base: liñas / 100 habitantes

Fonte: CMT

Na seguinte táboa desglosamos os datos en termos evolutivos de todas as comunidades autónomas dende o ano 2008 ata o 2012 e os indicadores de crecemento para dous períodos temporais.


## C.2. EVOLUCION DO INDICADOR E COMPARATIVA POR COMUNIDADE AUTÓNOMA

COMUNIDADE AUTÓNOMA	PENETRACIÓN TELEFONÍA MÓBIL POSPAGO POR COMUNIDADE AUTÓNOMA (%)						
	2008	2009	2010	2011	2012	Creemento período 2008-2012	Creemento período 2011-2012
Comunidade de Madrid	90,6	82,1	87,8	86,8	91	0,4	4,8
País Vasco	61,5	65,8	68,2	71,9	74,8	21,6	4,0
Cataluña	66,7	69,8	71,7	72,9	74,2	11,2	1,8
Cantabria	58,7	62,4	67,5	70,6	72,8	24,0	3,1
Principado de Asturias	61,0	64,6	67,0	69,9	71,1	16,6	1,7
Galicia	59,3	62,6	64,7	67,5	68,6	15,7	1,6
Aragón	60,0	62,0	63,9	64,8	67,0	11,7	3,4
Castela e León	59,5	62,9	65,2	67,0	66,9	12,4	-0,1
Comunidade Foral de Navarra	57,7	61,9	63,8	65,7	66,8	15,8	1,7
Comunidade Valenciana	61,7	63,1	65,5	66,5	66,7	8,1	0,3
Extremadura	58,2	62,5	64,1	66,3	66,4	14,1	0,2
A Rioxa	56,8	59,9	63,0	64,6	65,9	16,0	2,0
Castela A Mancha	61,4	63,3	65,2	67,5	65,6	6,8	-2,8
Illas Baleares	58,8	61,0	62,7	65,2	65,1	10,7	-0,2
Andalucía	59,0	61,2	62,3	64,1	64,7	9,7	0,9
Canarias	52,2	55,0	57,1	60,1	62,7	20,1	4,3
Rexión de Murcia	58,0	59,9	61,7	62,4	62,5	7,8	0,2
Ceuta	41,7	47,3	46,5	49,8	50,5	21,1	1,4
Melilla	40,1	43,1	43,7	47,2	48,4	20,7	2,5

Base: liñas / 100 habitantes  
 Fonte: CMT

Descendendo ao dato por provincia, Galicia ten na provincia da Coruña un exemplo da importancia da telefonía móbil para a nosa comunidade, xa que se posiciona como unha das que maior porcentaxe de penetración posúe de todo o territorio estatal .

**G.51. PENETRACIÓN DE TELEFONÍA MÓBIL POSPAGO POR PROVINCIAS NO ANO 2012**



Base: liñas / 100 habitantes

Fonte: CMT

Nas provincias galegas, destaca Lugo como a que maior crecemento posúe respecto as demais (20,3% referido ao período 2008-2012), non obstante atopamos unha alta frecuencia de liñas especialmente nas provincias da Coruña e Pontevedra, con 72,7 liñas por cada 100 habitantes na Coruña e con 68,5 liñas por cada 100 habitantes pontevedreses.

G.52. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA PROVINCIAL


**Crecemento da penetración das liñas de telefonía móbil pospago**

**Período 2008-2012:**  
A Coruña: 18,8%. Lugo: 20,3%. Ourense: 17,9%. Pontevedra: 9,8%.

**Período 2011-2012:**  
A Coruña: 1,9%. Lugo: 2,8%. Ourense: 3,1%. Pontevedra: 0,6%.



**Penetración da telefonía móbil pospago**  
**Evolución por provincias en Galicia**  
(liñas / 100 habitantes)



Fonte: CMT

A comparativa de liñas en valores absolutos indica un crecemento tamén superior para a comunidade galega (un 15,5% máis) que no ámbito estatal polo que de novo os datos indican un claro e positivo ascenso das liñas móbiles en Galicia.

**G.53. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL**

**Crecedemento do número de liñas de telefonía móbil pospago**




**Período 2008-2012: Galicia: 15,5%. España: 12,1%.**  
**Período 2011-2012: Galicia: 1,4%. España: 1,9%.**

**Liñas telefonía móbil pospago**

**Evolución Galicia**

(número de liñas móbil pospago)




Fonte: CMT

**Liñas telefonía móbil pospago**

**Evolución España**

(número de liñas móbil pospago)




Fonte: CMT

As liñas por provincias indican unha tendencia positiva especialmente no caso da Coruña, aínda de xeito positivo, todas as provincias galegas presentan un crecemento neste indicador.

**G.54. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA PROVINCIAL**


**Liñas telefonía móbil pospago**  
**Evolución por provincias en Galicia**  
 (número de liñas pospago)



Fonte: CMT


En canto ás infraestruturas, Galicia conta con máis de 3.995 estacións base da tecnoloxía UMTS (3G), crecemento que supón un total de 2.302 estacións máis que no ano 2008 nun corto período de 4 anos. Xa do ano 2011 ao ano 2012 este incremento foi de 1.107 estacións na Comunidade Galega.

**G.55. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL**



## G.56. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA PROVINCIAL

**Estacións base UMTS**  
**Evolución por provincias en Galicia**  
 (número de estacións base)



Fonte: CMT

Como pode verse, o número de estacións base UMTS aumentou de xeito significativo nas catro provincias. Cómpre destacar que no caso das provincias de Ourense e Lugo a cifra de estacións base UMTS en servizo no ano 2012 superaba en máis do triplo á do ano 2008,.

Na seguinte táboa amósanse todos os indicadores relacionados coa banda larga que aporta o CMT para o ano 2012. Nel vemos que efectivamente a importancia das estacións base UMTS é significativa comparada cos outros tipos de infraestruturas de telefonía móbil supoñendo un total do 49,4% das estacións base existentes en Galicia.



## Galicia - 2012



## Cuotas de mercado telefonía fija

Telefónica de España	59,4%
Operadores de cable	26,6%
Resto	14,0%

## Cuotas de mercado banda larga fija

Telefónica de España	44,6%
Operadores de cable	34,9%
Resto	20,5%

## Cuotas de mercado telefonía móvil pospago

Movistar	39,2%
Vodafone	30,3%
Orange	11,7%
Resto	18,8%

## ACCESOS INSTALADOS

Accesos instalados HFC	877.783
Accesos instalados fibra	28.610
Accesos instalados par de cobre	855.192
Accesos instalados radio	49.050
Accesos instalados satélite	1.018

## TELEFONÍA FIXA

Liñas telefonía fija	1.070.759
Penetración telefonía fija	39,2

## TELEFONÍA MÓBIL

Liñas telefonía móvil pospago	1.872.952
Penetración telefonía móvil pospago	68,6

## BANDA ANCHA FIXA

Liñas banda larga fija	580.851
Liñas banda larga xDSL	389.941
Liñas banda larga HFC	179.857
Penetración liñas banda larga fija	21,3
Penetración liñas xDSL	14,3
Penetración liñas HFC	6,6

## TELEVISIÓN DE PAGO

Accesos TV de pago	228.000
Penetración TV de pago	8,4

## ESTACIONES BASE


Estacións base	2.949
Estacións base DCS	1.142
Estación base UMTS	3.995

## BUCLES DESAGREGADOS

Bucles desagregados	97.364
Bucles desgregados / 100 liñas	25

Respecto ás cotas de mercado por operadores banda larga fixa, predomina claramente Telefónica de España cun 44,6% do mercado, os operadores de cable (R Cable no caso galego) supoñen o 34,9% e un 20,5% son os restantes provedores de servizos de banda larga fixa.

**G.57. CUOTAS DE MERCADO DE BANDA LARGA FIXA**



Base: total de fogares

Fonte: CMT


As comparativas temporais tanto a nivel autonómico como estatal amosan que se ben Telefónica lidera o mercado, o seu liderazgo diminúe dende o ano 2009 de xeito que aumentan proporcionalmente a presenza doutros operadores de banda larga.

**G.58. EVOLUCIÓN DO INDICADOR E COMPARATIVA COA MEDIA ESTATAL**

**Cuotas de mercado banda larga fija**

**Evolución Galicia**

(% sobre o total de fogares)




Fonte: CMT

**Cuotas de mercado banda larga fija**

**Evolución España**

(% sobre o total de fogares)



Fonte: CMT



## CONCLUSIÓN

☞ Os Un 56,3% de fogares galegos dispón de conexión a Internet e un 53,1% ten banda larga contratada. O ritmo de crecemento da banda larga en Galicia no intervalo 2008-2012 foi dun 67% e en España dun 49,6%.

☞ Entre os fogares que teñen contratado Internet, a práctica totalidade contan cunha conexión á Rede de calidade xa que o 94,8% destes fogares dispón de banda larga.

### Análise sociodemográfico:

☞ Variables xeográficas e demográficas:

- A contratación de banda larga aumenta a medida que o fai o número de habitantes do concello ata acadar un 64,4% nos concellos con máis de 50.000 habitantes fronte ao 32,8% dos concellos de menos de 5.000 habitantes.
- En xeral, nas comarcas con idade media inferior aos 46 anos rexístranse as porcentaxes máis elevadas de fogares con banda larga mentres que na maioría das comarcas con idade media superior aos 54 anos obsérvase unha menor contratación de banda larga

☞ Variables económicas:

- Un 83% dos fogares con renda superior a 3.500 euros teñen banda larga fronte ao 19,7% dos fogares con ingresos inferiores aos 600 euros
- En xeral, as comarcas con rendas máis elevadas presentan porcentaxes máis elevadas de contratación da banda larga, con comarcas como Santiago, A Coruña, Lugo, Pontevedra, Ourense, Eume, Vigo ou Betanzos como exemplos

☞ Composición do fogar:

- Tamaño do fogar: un 71,2% dos fogares compostos por 4 membros contan con banda larga fronte ao 31,4% dos fogares unifamiliares.
- A presenza no fogar de nenos/as en idade escolar obrigatoria consolídase como un factor significativo para a contratación de banda larga. O 68,4% dos fogares onde residen nenos/as dispoñen de conexión a banda larga, 20,1 puntos máis que noutro tipo de fogares.

### Internet en mobilidade:

☞ O 30,5% dos fogares galegos con acceso a Internet contratada dispón de conexión móbil de banda larga a través dun dispositivo de man e un 12,5% vía módem USB ou tarxeta.

☞ A conexión móbil de banda larga está máis estendida en Galicia que no Estado, superando a media estatal en 3,6 puntos porcentuais no caso da conexión a través dun dispositivo de man e en 2,1 puntos se a conexión móbil se realiza vía módem USB ou tarxeta.

☞ O 64,8% dos/as usuarios de Internet nos últimos tres meses utilizaron algún tipo de dispositivo móbil para acceder a Internet fóra da vivenda habitual ou centro de traballo, superando en 8,8 puntos porcentuais a media estatal.

☞ Os dispositivos máis utilizados son os denominados “de man” (teléfonos móbiles, PDAs, reprodutores de mp3/mp4, lectores de libros electrónicos, etc.)

☞ As conexións sen fíos (WiFi, basicamente) son as máis utilizadas para os accesos en mobilidade.

☞ Entre os servizos de Internet usados por motivos particulares nos últimos tres meses cun dispositivo de man destacan: recibir/enviar mensaxes de correo electrónico, participar en redes sociais, ler o descargar noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña.

☞ O 45,8% das persoas ocupadas que accederon a Internet utilizando un ordenador portátil o un dispositivo de mano fóra da súa vivenda habitual ou centro de traballo nos últimos tres meses, declara que realizou, nestes accesos, tarefas de tipo profesional

### Servizos finais e Infraestruturas de Telecomunicacións:

☞ Galicia é a comunidade con maior crecemento da penetración de banda larga fixa por cada 100 habitantes no período 2011-2012 cun 4,9%. En termos evolutivos é a segunda comunidade cun maior incremento entre 2008 e 2012.

☞ Así mesmo, as provincias que experimentaron un maior crecemento interanual no número de liñas de banda larga no conxunto de España foron Ourense (cun 6,8% de

crecemento) e Lugo (cun 6,6%).

☞ Da tipoloxía de liñas de banda larga estudadas, o ADSL evoluciona positivamente en Galicia no período 2008-2012, mentres que o HFC amosa unha evolución positiva entre 2008 e 2011, diminuíndo a súa presenza no último ano.

☞ A análise das cotas de mercado de banda larga fixa sitúa a Telefónica de España nun primeiro posto como fornecedor do servizo, cun 44,6% de cota de mercado en Galicia. A segunda posición corresponde aos operadores de cable (nomeadamente R Cable) cun 34,86%.

